

REGULAMENTO




20 DE SETEMBRO DO 2026

TRAIL DOS INDIOS CASTELO DE VITRES

▶ 26K

○ 16K

□ 10K



CAMPIONATO DE CLUBS E COPA
XUNTA DE GALICIA





20 DE SETEMBRO DO 2026

TRAIL DOS INDIOS

CASTELO DE VITRES

X TRAIL DOS INDIOS - CASTELO DE VITRES

REGULAMENTO

DATA:

DOMINGO 20 DE SETEMBRO 2026

DISTANCIAS:

TRAILASO: 26 km 1600 d+ (**CAMPIONATO GALEGO DE CLUBES. COPA CXM ABSOLUTA E PROMESA**)

TRAIL: 16 KM 650d+ (**COPA CXM JUNIOR**)

TRAILIÑO: 9,5 K 450 d+ (**COPA XUVENIL E CADETE**)

CARREIRAS PARA OS PEQUENOS:

- TRAIL DOS APACHES 2,5km 120 d+ (2012/2013/2014)
- TRAIL DOS CHEROKEES 1,2 km, 60d+(2015 en diante)

SAÍDA E META:

PAZO DE GOIÁNS

<https://maps.app.goo.gl/AkG2PP3UbMxYiaKg6>

SERVIZO DE DUCHAS

PAVILLÓN DE SANTA BAIA – BOIRO

<https://goo.gl/maps/1UnmFiaDYupZEFXeA>

INSCRICIÓN

<https://www.321go.es/>

PECHE DE INSCRICIÓN: **Luns 14 de setembro as 23:59h**

PREZO DE INSCRICIÓN:

- TRAILASO 26K - **30€**
- TRAIL 16K - **22 €**
- TRAILIÑO 9K - **15 €**
- CARREIRAS PARA PEQUES - **GRATUITAS**

Unha vez realizada a inscrición, **só se accederá á devolución do importe en caso de lesión ou enfermidade**, sendo necesario a presentación dun certificado médico.

A inscrición é persoal e intransferible e supón a aceptación deste regulamento e a renuncia de todos os dereitos contra a organización, renunciando a toda acción legal que puidera derivarse da súa participación na proba. **Unha vez realizada, baixo ningún concepto, poderá ser utilizada por outra persoa diferente á inscrita.**



CLUB TRIBU TRAIL
CIF: G70486378



20 DE SETEMBRO DO 2026

TRAIL DOS INDIOS

CASTELO DE VITRES

O dorsal debe ser recollido presentando á organización un documento de identificación: DNI ou permiso de conducir, NIE, pasaporte. **As persoas federadas deberán presentar tamén a licenza federativa en formato físico ou dixital.**

TRAIL DOS INDIOS – CASTELO DE VITRES

1. DISTANCIAS:

⇒ **TRAILASO: 26 km 1600 d+ - CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS. PROBA DA COPA XUNTA DE GALICIA DE CARREIRAS POR MONTAÑA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (FGM), CATEGORÍA ABSOLUTA E PROMESA**

- Prezo inscrición: 30 €
- Recollida de dorsais - 7:30 a 8:30 h
- Saída - 09:00 h
- Peche de Meta - 14.30h
- Entrega de Trofeos - 13.30 (ou ao completar podios)
- Circuito (suxeito a cambios por forza maior) <https://es.wikiloc.com/rutas-carrera-por-montana/trail-dos-indios-distancia-longa-2023-145542089>
- Avituallamentos:
 - Km 7
 - Km 12,5
 - Km 19
 - Meta
- Tempos de corte
 - Avituallamento 1 - km 5 as 10:00h
 - Avituallamento 2 - km 12,5 as 11:30h
 - Avituallamento 3 - km 19 as 13:30h
 - Corte de Meta 14:30h (Tempo máx. total 5h:30 min)
- Material obrigatorio: Poderá haber controis na saída, meta ou ao longo da carreira. O incumprimento é motivo de descualificación. En función das condicións climatolóxicas o material obrigatorio poderá sufrir cambios dos que se avisará coa antelación suficiente.
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono con batería suficiente
 - Sistema de hidratación de cando menos 1 L
 - Cortaventos ou membrana con capucha e manga longa.
 - Dorsal visible na parte dianteira

O material obrigatorio poderá ser requirido polos árbitros da FGM no control de dorsais e nas partes do percorrido destinadas a tal efecto, e todos os corredores están obrigados a someterse a este control, baixo pena de sanción ou descualificación da carreira.



CLUB TRIBU TRAIL
CIF: G70486378

O uso de bastóns será voluntario, pero no caso de saír con eles, deberan levarlos durante toda a proba

- **CARACTERÍSTICAS DO TERREO.- TRAIL CON DIFICULTADE ELEVADA.** Dificultade técnica ALTA. Dureza en relación distancia-desnivel ALTA. Moitos sendeiros e zonas rochosas, beiras dos ríos, subidas de dificultade elevada, baixadas técnicas. **Recomendase un nivel de estado físico medio-alto para participar nesta proba.** Cada participante debe ser consciente da lonxitude e dificultade da proba, que pode desenvolverse baixo condicións climáticas extremas, polo cal debe prever que a súa indumentaria e calzado sexan os adecuados para a práctica de carreiras de montaña. A realización da inscrición implica que os corredores leron, entenderon e aceptan as condicións do presente Regulamento e participan baixo a súa enteira responsabilidade, afirman posuír unhas condicións físicas suficientes para a realización da proba.

⇒ **TRAIL: TRAIL: 16 KM 650d+ - PROBA DA COPA XUNTA DE GALICIA DE CARREIRAS POR MONTAÑA, CATEGORÍA JUNIOR**

- Prezo inscrición: 22 €
- Recollida de dorsais - 8:30 a 9:30 h
- Saída - 10:00 h (Trail)
- Peche de Meta - 14.30h
- Entrega de Trofeos Trail- 13.00 (ou ao completar podios)
- Circuito: <https://es.wikiloc.com/rutas-carrera-por-montana/trailino-dos-indios-2023-ruta-curta-145542215>
- Avituallamentos:
 - Km 5
 - Km 9,5
 - Meta
- Material obrigatorio trail: Poderá haber controis na saída, meta ou ao longo da carreira. O incumprimento é motivo de descualificación. En función das condicións climatolóxicas o material obrigatorio poderá sufrir cambios, dos que se avisará con tempo suficiente.
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono con batería suficiente
 - Sistema de hidratación de cando menos 0,5 L
 - Cortaventos ou membrana con capucha e manga longa.
 - Dorsal visible na parte dianteira

O material obrigatorio poderá ser requirido polos árbitros da FGM no control de dorsais e nas partes do percorrido destinadas a tal efecto, e todos os corredores están obrigados a someterse a este control, baixo pena de sanción ou descualificación da carreira.

O uso de bastóns será voluntario, pero no caso de saír con eles, deberan levarlos durante toda a proba

- Tempos de corte trail:
 - Avituallamento 1 - km 7 as 11:30h
 - Avituallamento 2 - km 12,5 as 13.00h
 - Corte de Meta 14:00h (Tempo máx. total 4h:00 min)
- **CARACTERÍSTICAS DO TERREO.- TRAIL CON DIFICULTADE ELEVADA.** Dificultade técnica ALTA. Dureza en relación distancia-desnivel ALTA. Moitos sendeiros e zonas rochosas, beiras dos ríos, subidas de dificultade elevada, baixadas técnicas. **Recomendase un nivel de estado físico medio-alto para participar nesta proba.** Cada participante debe ser consciente da lonxitude e dificultade da proba, que pode desenvolverse baixo condicións climáticas extremas, polo cal debe prever que a súa indumentaria e calzado sexan os adecuados para a práctica de carreiras de montaña. A realización da inscrición implica que os corredores leron, entenderon e aceptan as condicións do presente Regulamento e participan baixo a súa enteira responsabilidade, afirman posuír unhas condicións físicas suficientes para a realización da proba.

⇒ **TRAILIÑO: 9,5 K 450 d+ - PROBA DA COPA XUNTA DE GALICIA DE CARREIRAS POR MONTAÑA, CATEGORÍA XUVENIL E CADETE**

- Prezo inscrición: 15 €
- Recollida de dorsais: 09:30 – 10:30
- Saída: 11:00
- Kms: 9,5
- Desnivel: 450+
- Lugar da Saída: <https://maps.app.goo.gl/hxjdoVYDui1RNYoM9>
- Peche de Meta - 14.30h
- Entrega de Trofeos Trailiño- 13.00 (ou ao completar podios)
- Circuito: Pendente de actualizar
- Avituallamentos:
 - Km: 4,5
 - Meta
- Material obrigatorio trailiño: Poderá haber controis na saída, meta ou ao longo da carreira. O incumprimento é motivo de descualificación. En función das condicións climatolóxicas o material obrigatorio poderá sufrir cambios, dos que se avisará con tempo suficiente.
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono con batería suficiente
 - Sistema de hidratación de cando menos 0,5

- Cortaventos ou membrana con capucha e manga longa.
- Dorsal visible na parte dianteira

O material obrigatorio poderá ser requirido polos árbitros da FGM no control de dorsais e nas partes do percorrido destinadas a tal efecto, e todos os corredores están obrigados a someterse a este control, baixo pena de sanción ou descualificación da carreira.

O uso de bastóns será voluntario, pero no caso de saír con eles, deberan levarlos durante toda a proba

- **CARACTERÍSTICAS DO TERREO.- TRAIL CON DIFICULTADE ELEVADA.** Dificultade técnica ALTA. Dureza en relación distancia-desnivel ALTA. Moitos sendeiros e zonas rochosas, beiras dos ríos, subidas de dificultade elevada, baixadas técnicas. **Recomendase un nivel de estado físico medio-alto para participar nesta proba.** Cada participante debe ser consciente da lonxitude e dificultade da proba, que pode desenvolverse baixo condicións climáticas extremas, polo cal debe prever que a súa indumentaria e calzado sexan os adecuados para a práctica de carreiras de montaña. A realización da inscrición implica que os corredores leron, entenderon e aceptan as condicións do presente Regulamento e participan baixo a súa enteira responsabilidade, afirman posuír unhas condicións físicas suficientes para a realización da proba.

TRAIL APACHES / INFANTIL

- Prezo inscrición: 0 €
- Recollida de dorsais: 09:30 – 12:30
- Saída: 13.15
- Kms: 3
- Desnivel: 120+
- Lugar da Saída: Pazo de Goiáns
- Entrega de Trofeos - 13.00
- Circuito: Pazo de Goiáns
- Agasallo para todos (proba non competitiva)

TRAIL CHEROKEES / ALEVÍN

- Prezo inscrición: 0 €
- Recollida de dorsais: 09:30 – 12.30
- Saída: 13.00
- Kms: 1,3
- Desnivel: 60+
- Lugar da Saída: Pazo de Goiáns
- Circuito: Pazo de Goiáns
- Agasallo para todos (proba non competitiva)



20 DE SETEMBRO DO 2026

TRAIL DOS INDIOS

CASTELO DE VITRES

2. CATEGORÍAS E PREMIOS

CATEGORÍAS E PREMIOS PARA TRAILASO:

- **Absoluta** masculino e feminina. 3 primeiros clasificados
- **Veterán A** masculino e feminina. De 40 a 49 anos* 3 primeiros clasificados
- **Veterán B** masculino e feminina. Mais de 50 anos* 3 primeiros clasificados

*A idade a ter en conta será a que se teña a finalizar a 31 de decembro de 2026.

CATEGORÍAS E PREMIOS PARA TRAIL:

- **Absoluta** masculino e feminina. 3 primeiros clasificados
- **Junior** (nados en 2007-2006) masculino e feminina. 3 primeiros clasificados
- **Veterán A** masculino e feminina. De 40 a 49 anos* 3 primeiros clasificados
- **Veterán B** masculino e feminina. Mais de 50 anos* 3 primeiros clasificados

*A idade a ter en conta será a que se teña a finalizar a 31 de decembro de 2026.

CATEGORÍAS E PREMIOS PARA TRAILIÑO:

- **Absoluta** masculino e feminina. 3 primeiros clasificados
- **Xuvenil** (nados en 2009-2008) masculino e feminina. 3 primeiros clasificados
- **Cadete** (nados en 2010-2011-2012) masculino e feminina. 3 primeiros clasificados

*A idade a ter en conta será a que se teña a finalizar a 31 de decembro de 2026.

Os trofeos **NON SON ACUMULATIVOS**.

3. SINALIZACIÓN E CONTROIS

O percorrido estará sinalizado pola organización con cinta plástica de cor viva, pintura, carteis indicadores ou outros elementos de sinalización. É responsabilidade de cada participante localizar a sinalización e seguila.

Recoméndase descargar o track no reloxo, teléfono ou dispositivo GPS

Aínda que o percorrido, case na súa totalidade, non transcorre por estradas, nalgún momento si se cruza ou se transita durante un pequeno tramo por elas. Polo tanto, estes tramos non estarán cortados ao tráfico rodado, debendo os participantes respectar as normas de tráfico e indicacións da Organización.



Será obrigatorio seguir o itinerario marcado e pasar polos controis regulamentarios establecidos. A Organización poderá realizar as modificacións que considere necesarias no percorrido, incluso a suspensión da proba, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan. A organización ten deseñados e preparados recorridos alternativos para evitar algún punto que puidera ser problemático en función das inclemencias climatolóxicas.

O percorrido da proba discorre por paraxes naturais de gran beleza, polo que non debemos ensucialos nin deterioralos, arroxando desperdicios fóra das áreas de control. Será motivo de descualificación o incumprimento desta norma.

4. INSCRICIÓN

A proba está aberta a todos os deportistas, federados e non federados. Idade mínima para o Trailaso 26K: 18 anos. Idade mínima para o Trail: 16K, 16 anos. Idade mínima para o Trailiño 9K: 14 anos. **Os atletas federados que quixeran optar a premios de categoría, deberán competir na distancia que lles corresponda aínda que, por idade, puideran facelo noutras distancias.**

As inscricións poderanse formalizar a partir do día 1 de xullo de 2026, a través da páxina web <https://www.321go.es/> enchendo o formulario habilitado a tal efecto, e efectuando o pagamento correspondente.

A inscrición dá dereito a:

- Dorsal con chip
- Seguro de accidentes
- Asistencia médica en carreira
- Regalo conmemorativo
- Avituallamentos
- Avituallamento especial fin de carreira

A inscrición é persoal e intransferible e supón a aceptación deste Regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra a Organización, renunciando a toda acción legal que puidera derivarse da súa participación na proba. Unha vez realizada, baixo ningún concepto, pode ser utilizada por outra persoa diferente á inscrita.

5. MOTIVOS DE DESCUALIFICACIÓN

- Non pasar polos puntos de control establecidos.

- Non realizar o recorrido completo.
- Non respectar o itinerario balizado ou a sinalización do recorrido.
- Entrar na meta sen dorsal.
- Deixar lixo (envases, envoltorios ou calquera outro desperdicio), fóra das zonas de avituallamentos e control).
- Non prestar auxilio a outro corredor que o necesite.
- Participar baixo identidade falsa ou suplantando a outra persoa.
- Desobedecer as indicacións dos médicos ou persoal responsable da organización.

6. RETIRADA E ABANDONOS

- Calquera corredor poderá retirarse da proba sempre que o desexe, advertindo ao control máis próximo ou ao persoal da Organización e entregando o dorsal.
- Se por caso de accidente ou lesión o corredor queda inmovilizado e non pode chegar ata un punto de control, contactará co teléfono de emerxencias que constará no dorsal a fin de actuar coa maior axilidade.
- A Organización poderá retirar da carreira, baixo o seu criterio, aos participantes que teñan problemas físicos evidentes, tales como vómitos, desorientación, desmaio, etc. que poidan poñer en perigo a súa saúde, ou aqueles que teñan minguadas as súas condicións físicas para continuar en carreira.
- Os participantes están obrigados a prestar auxilio aos accidentados ou a aqueles que o requiran.

7. SANCIÓN E DESCUALIFICACIÓN

As sancións e descualificacións rexerase polo indicado no regulamento de competición de carreiras por montaña FGM [Regulamento-2026-CxM.pdf](#)

RECLAMACIÓNS Poderanse presentar reclamacións referentes ás clasificacións provisionais ata 10 minutos despois da súa publicación, que serán presentadas por escrito sendo requisito obrigatorio realizar un depósito de 60€. (artigo 6 regulamento FGM de CXM)

8. RESPONSABILIDADE XERAL

É responsabilidade do participante estar ben preparado para a proba. É dicir, gozar de boa saúde física en xeral, así como ter un nivel aceptable de preparación. A posesión da licenza federativa non asegura nin cobre esta responsabilidade.

O/a deportista declara que non padece contraindicación algunha para competir ou practicar trail, manifestando de forma responsable ante a organización que se someteu antes do evento a controis ou exames médicos a fin de descartar que padeza lesión, enfermidade ou problema de saúde que impidan ou sequera desaconselle a súa participación na competición.

Os atletas deberán:

- Ser responsables da súa propia seguridade e a do resto de atletas.
- Coñecer e respectar o regulamento de competicións
- Coñecer os percorridos.
- Respectar as normas de circulación. (O percorrido cruza de forma puntual algunha vía aberta ao tráfico, debendo os corredores estar atentos á circulación de vehículos.)
- Tratar ao resto de atletas, oficiais, voluntarios e espectadores con respecto e cortesía.
- Respectar o medioambiente da zona na que se celebra a competición, non abandonando nin guindando obxectos, nin actuando de forma agresiva coa contorna.
- A participación na proba deportiva como acto individual, libre e responsable que é, supón a asunción por parte do deportista dos riscos inherentes á propia proba, tales como caídas, accidentes propios ou con terceiros participantes ou non na proba, e en xeral todo dano privado ou material; supoñendo iso en definitiva renunciar a formular reclamación algunha por estes feitos contra os organizadores ao atoparse devanditos eventuais danos dentro dun marco arriscado, coñecido e asumido.
- O/a deportista coñece a existencia e contido, entende, e acata todas as normativas, regulamentos e disposicións reguladoras que resultan de aplicación na competición. É responsabilidade do ou da participante informarse sobre as normativas, regulamentos, disposicións, instrucións, e calquera outra regulación que resulte de aplicación na competición.
- O/a deportista comprométese a cumprir todos os acordos adoptados pola organización e o seu persoal, polos delegados técnicos, polos xuíces – árbitros, polos oficiais, por calquera órgano ou autoridades deportivas, así como ás resolucións emanadas por aqueles en materias da súa competencia.
- O/a deportista obrígase a velar en todo momento escrupulosamente polo respecto dos valores do deporte, mantendo un comportamento adecuado e preservando a boa imaxe da organización e a súa competición.
- O/a deportista de forma xurada e responsable manifesta que non se atopa sancionado/a nin incurso/a en ningún procedemento sancionador en materias relacionadas co deporte. Unha vez inscrito/a, tan pronto se lle imponha unha sanción a través dunha resolución que sexa firme ou

simplemente executiva establecida por unha federación deportiva ou calquera outras entidades administrativas, tal circunstancia será posta en coñecemento da Federación correspondente, quen, en tales casos, poderá motivadamente impedir a participación do ou da deportista na competición.

9. OUTRA INFORMACIÓN

- A Organización disporá de servizos de asistencia médica (**Ambulancia medicalizada**) e duchas (Pavillón Polideportivo Santa Baia).
- Todos os participantes oficialmente inscritos estarán cubertos por unha póliza de seguros concertada pola Organización, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba e nunca como derivación de un padecemento ou tara latente, imprudencia, inobservancia das leis e do articulado deste Regulamento, así como os producidos nos desprazamentos ou e desde o lugar no que se desenvolve a carreira.
- A Organización resérvase o dereito de admisión nesta proba

10. MODIFICACIÓNS PERCORRIDO.-

1. Sen aviso previo e por causas maiores ou imposición das autoridades competentes a Organización resérvase o dereito para modificar o percorrido e os tempos de corte.
2. En caso de condicións meteorolóxicas desfavorables -gran cantidade de choiva ou néboa, risco elevado de tormentas, etc- a hora de saída pode ser atrasada, finalizar a carreira antes de terminala, variar as barreiras horarias ou modificar o itinerario. Se non houbese melloría a proba pode ser anulada.
3. A Organización resérvase o dereito de finalizar a carreira e modificar o itinerario por outras causas graves, extremas e alleas á mesma.

11. SUSPENSIÓN DA PROBA.-

1. A Organización resérvase o dereito de poder cancelala se concorresen situacións obxectivas de risco que puidesen poñer en perigo a seguridade e integridade dos participantes (alertas meteorolóxicas, incendios forestais, correntes do terreo, etc.).
2. Por causas de forza maior, e en caso de suspensión da proba, a Organización realizará un reembolso parcial dos dereitos de inscrición. O importe do devandito

reembolso virá determinado en función dos custos que permitan á Organización facer fronte aos gastos fixos e realizados non recuperables.

3. En caso de anulación por razóns de seguridade ou en caso de interrupción da carreira despois da saída, non se contempla ningún reembolso.

4. Se a proba se debese interromper e suspender nun punto do percorrido, a clasificación determinarase segundo a orde e tempo de chegada no punto de interrupción ou na súa falta, no último control realizado.

12. NORMAS SUPLETORIAS REGLAMENTO FGM e FEDME:

En todo o non regulado no presente texto, será de aplicación:

- REGULAMENTO DE COMPETICIÓN DE CARREIRAS POR MONTAÑA FGM:
[Regulamento-2026-CxM.pdf](#)
- REGULAMENTO DE COMPETICIÓN DE CARREIRAS POR MONTAÑA FEDME:
<https://fedme.es/wp-content/uploads/2022/12/3.-Reglamento-CxM-FEDME-2023-aprobado-por-CD-091222.pdf>

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está a autorizar a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nas listaxes oficiais, en medios de comunicación e/o internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente **AUTORIZA A QUE AS IMAXES (FOTOGRAFÍA OU VÍDEO) POIDAN UTILIZARSE DE FORMA ATEMPORAL EN CALQUERA PUBLICACIÓN OU ACCIÓN PUBLICITARIA, CO ÚNICO FIN DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO EVENTO.**

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que devanditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable EcoSport Barbanza SL. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

14. MODIFICACIÓN DO REGLAMENTO:

A organización resérvase o dereito a modificar o presente regulamento no caso de ser estritamente necesario, comunicándoo a través das canles que teña a súa disposición.



20 DE SETEMBRO DO 2026

TRAIL DOS INDIOS

CASTELO DE VITRES



CLUB TRIBU TRAIL
CIF: G70486378